

Reforzando o traballo do 2º trimestre

Colexio Plurilingüe Padre Feijoo Zorelle

Profesora: Beatriz Nieto Outumuro

Correo electrónico: b.nieto.ou@gmail.com

Para traballar co libro de texto virtual pode entrar na páxina <https://www.e-vocacion.es/> e acceder como alumno cos seguintes datos: usuario: 32008616-0040-0001 contrasinal: 62rWTmAu

T5. A Prehistoria: O Neolítico e a Idade dos Metais. Megalitismo e Arte rupestre.

Atopa a resposta as seguintes cuestións:

Tarefa 1: A vida no neolítico. Escolle a opción correcta.

a) Como era a economía do Neolítico?	Depredadora	Produtora
b) Cando apareceron a agricultura e a gandaría?	Hai 5.000 anos	Hai 11.000 anos
c) Para cultivar a terra, as persoas fixéronse...	Nómades	Sedentarias
d) Que avance técnico é propio do Neolítico?	A cerámica	Os bifaces de pedra
e) A sociedade foise facendo...	Máis igualitaria	Máis desigual
f) Como representaban a figura humana no Neolítico?	De forma esquemática	Con gran realismo
g) Os seres humanos do Neolítico crían en...	Forzas da natureza	Un só deus

Tarefa 2: Verdadeiro ou falso?

- O Neolítico naceu en Europa hai uns 10000 anos.
- O Neolítico, que significa "pedra nova", é a segunda etapa da Prehistoria e apareceu co descubrimento da agricultura e da gandaría.
- Os homes e mulleres do Neolítico eran sedentarios.
- No Neolítico apareceron instrumentos especializados para o traballo do campo, como o biface.
- Os neolíticos desenvolveron a cerámica.
- Durante o Neolítico comezouse a tecer, para iso inventaron o tear para fiar e o fuso para tecer.

Tarefa 3. Elixe a resposta correcta:

Onde adoitaban situarse os poboados en época neolítica?

- En elevacións do terreo próximas a cursos de auga.
- No medio dos campos de cultivo.
- En zonas chás con cursos de auga.

Que é un silo?

- Un buraco escavado no solo e impermeabilizado con arxila que servía para almacenar o gran.

- Unha ferramenta para traballar o campo.
- Un tipo de cerámica.

Cales foron as primeiras plantas que se cultivaron?

- As hortalizas e os legumes.
- As árbores froiteiras e as hortalizas.
- Os cereais e os legumes.

Cales foron os primeiros animais domesticados?

- As cabras, as ovellas e os porcos.
- As galiñas, as vacas e os cabalos.
- Os cans, os gatos e os parrulos

Que significa que unha aldea era autosuficiente?

- Que os seus habitantes consumían case todo o que producían.
- Que os seus habitantes producían máis do que consumían.
- Que os seus habitantes tiñan excedente de produción.


Como eran as vivendas neolíticas?

- Eran de planta cadrada con paredes e tellado de madeira.
- Eran de planta circular, coas paredes de pedra e o tellado de palla.
- Eran de planta rectangular ou circular e as paredes de adobe ou de ladrillos ou tixolos e o tellado de pólas ou de palla.

Tarefa 4. A vida na Idade dos Metais. Verdadeiro ou falso?

- ☐ Hai uns 7.000 anos, os seres humanos comezaron a fabricar obxectos de metal.
- ☐ Durante a Idade dos Metais iniciouse a domesticación dos animais.
- ☐ Primeiro utilizouse o bronce; despois, o ferro; e, finalmente, o cobre, un metal máis resistente.
- ☐ As cidades situadas nas rutas comerciais convertéronse en pequenas aldeas.
- ☐ A roda mellorou os transportes porque permitiu trasladar máis mercadorías nos carros.
- ☐ O uso dos metais permitiu elaborar todo tipo de utensilios: armas, ferramentas, adornos...
- ☐ A aparición dos metais provocou maiores diferenzas sociais.

Tarefa 5. Identifica os megálitos (dólmen, menhir ou crómlech):



Tarefa 6. Identifica os seguintes obxectos (que é?) e dime a que etapa da prehistoria pertencen (paleolítico, neolítico ou Idade dos Metais):



Tarefa 7: A arte na Prehistoria. Marca cales dos seguintes trazos se corresponden coa pintura rupestre paleolítica (P) e cales coa neolítica (N).

- ☐ Xeralmente representan figuras de animais, como cabalos, bisontes e cervos.
- ☐ O home non adoita aparecer neste tipo de pinturas.
- ☐ Son pinturas monocromas.
- ☐ A figura humana represéntase de forma moi esquemática.
- ☐ Son pinturas polícromas e moi realistas.
- ☐ Este tipo de pinturas abunda na zona levantina da Península.
- ☐ Son frecuentes no norte de España e no sur de Francia.

Tarefa 8. Tendo en conta os trazos anteriores, indica se as seguintes pinturas pertencen ao Paleolítico ou ao Neolítico

